

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE MARZO DE 2010.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
Don Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

Dona Rocío Rey Sampayo.
Dona M^a del Carmen Silvar Canosa.
Dona Amalia García Balado.
Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.
Don José Antonio López Rodríguez.
Don Juan Manuel Lourido González.
Dona Rita María Couto Seijido.,
Don Manuel Polo Gundín.
Dona Inés Roca Requeijo.
Don Manuel Vicente Pico Sanmartín.
Don Edgar Antonio Vigo López,
Don Gumersindo Pedro Galego Feal.
Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.
Don Juan José Franco Casal,
Dona M^a del Pilar Fornos Corral.
Don Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e oito minutos do día catro de marzo de dous mil dez, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dona Rocío Rey Sampayo, Dona M^a del Carmen Silvar Canosa, Dona Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

Dona Pilar María Pastor Novo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 3 DE DECEMBRO DE 2009 E 7 DE XANEIRO DE 2010.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 3 de decembro de 2009 e 7 de xaneiro de 2010, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 3 de decembro de 2009 e 7 de xaneiro de 2010.

2º.- FIXACIÓN DA INFORMACIÓN PERIÓDICA A REMITIR AO PLENO Á QUE SE REFIRE A REGRA 106 DA INSTRUCCIÓN DO MODELO NORMAL DE CONTABILIDADE.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que este asunto ven a raíz dun rogo que se fixo en varias ocasións dende IU e que o no derradeiro pleno falouse da remisión trimestral do estado de execución do orzamento.

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 18 de febreiro de 2010 que, transcrito di:

“2º.- FIXACIÓN DA INFORMACIÓN PERIÓDICA PARA O PLENO DA CORPORACIÓN.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2010 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO.- FIXACIÓN DA INFORMACIÓN PERIÓDICA PARA O PLENO DA CORPORACIÓN.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía eleva ó Concello Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Acordar que pola Intervención municipal se remita ó Pleno, por conducto da Alcaldía Presidencia, a información a que se refire a Regla 106 da Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade para la Administración Local, trimestralmente nos Plenos ordinarios do mes de marzo, xuño, setembro e decembro de cada exercicio.

Segundo.- O contido da información a suministrar conterá datos relativos a :

- a) A execución de gastos do rozamento corrente.

A información sobre a execución do orzamento de gastos corrente porá de manifesto por cada partida orzamentaria, ó menos o importe correspondente a :

- Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
- Os gastos comprometidos.
- As obrigas recoñecidas netas.
- Os pagos realizados.

- b) A execución de ingresos do orzamento corrente.

A información sobre a execución do orzamento de ingresos corrente porá de manifestó para cada aplicación orzamentaria, ó menos o importe correspondente a :

- As previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos netos.
- A recadación neta.

- c) Os movementos e situación da tesourería.

Fene, a doce de febreiro de 2010.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera.”

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2010, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de febreiro de 2010, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión de data 18 de febreiro de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE EN RELACIÓN Á REFORMA DAS PENSÍONS.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que retiraron o argumentario da moción e manteñen a parte do acordo, ao igual que fixo o grupo municipal do BNG.

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente da lectura da proposta de acordo ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade en sesión de data 22 de febreiro de 2010, que transcrita di:

“1.- Instar ao Goberno do Estado que retire a actual proposta sobre a Reforma das Pensións, contemplada no “Documento sobre a revisión do Pacto de Toledo”.

2.- Instar ao Goberno do Estado a que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seu o Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.

3.- Apoiar as mobilizacións en contra da actual proposta de reforma do Sistema de Pensións.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer unha marización, xa que os compañeiros entenderon en Comisión que se instaba á Xunta de Galicia para que achegase ao Goberno central a moción do grupo municipal do PP.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, expón que xa se comentou en Comisión ,que non ten moito sentido,xa que a Xunta de Galicia non ten competencia neste, pero que si se quere se pode instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado, tanto no punto primeiro coma no segundo, polo que está de acordo con esa enmenda.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o voto do grupo municipal do PSOE vai ser contrario á moción polo mesmo que se dixo na comisión, xa que o Goberno do Estado non ten ningún plan para adiantar a idade de xubilación.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, expón que se vai abster por unha cuestión moi sinxela, xa que está a ver que isto é unha guerra política entre dous partidos e non vai entrar nesas guerras; que cando isto vaia ao Pacto de Toledo, case se pode adiantar que ese pacto non vai saír adiante.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que coma grupo municipal chegaron a un acordo sobre a parte dispositiva; que o BNG e o PP discrepan en moitas cousas pero si coinciden en que esta reforma non é admisible formulala deste xeito; que para o BNG as revisións dos dereitos sociais en tempos de crise son extremadamente negativas, que abrir este debate non é negativo si se abre no foro axeitado sobre todo si é para mellorar o sistema de prestacións sociais, para mellorar aquelas pensións de xubilación máis baixas e todo isto no marco do chamado Pacto de Toledo no que hai unha representación de todas as forzas políticas representadas no Parlamento do Estado, e que precisamente neste sentido coinciden co Partido Popular en pedir a retirada desa proposta e que se vaia a ese foro que é o Pacto de Toledo a facer un debate serio e non con medias verdades políticas; que para eles o sistema de pensións é un sistema sólido, un sistema que pode necesitar de reformas, pero para corrixir aspectos regresivos que ten este Pacto de Toledo en vigor e non para empeoralo nin para desprazar para adiante obrigatoriamente a idade de xubilación; que por isto o BNG, coa matización sinalada, apoian esta moción.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido di que en primeiro lugar o PP non se inventou o da subida da idade de xubilación; que en segundo lugar pactaron esta moción e estes acordos, e que tanto o BNG coma o PP acordaron retirar os argumentarios ; que lle sorprende a actitude de sorpresa dalgúns grupos en que se pacte unha moción para que isto se fale con rigor e cun pouco de calma e sosego onde se ten que falar, que é dentro do Pacto de Toledo; que é un arrebatado do Presidente do Goberno que acaba en discusións públicas sobre algo que non está argumentado, nin falado no sitio no que ten que estar e que o que provoca con estas cousas é facerlles perder o tempo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, expón que están cansos dos discursos catastrofistas que din que a Seguridade Social está en perigo, que non se sustenta ,e que o que queren é que se fale en serio e se diga se isto funciona ou non; que as cousas non son así, que non se pode ir dando bandazos pola vida e que a eles non lles van as demagoxias.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o grupo socialista está en contra de que se amplíe a idade de xubilación aos sesenta e sete anos e de que se incremente o tempo de cotización; que o problema é de credibilidade e se o partido Popular e o BNG están de acordo non pasa nada; que o problema, iniste é de credibilidade e que lle gustaría saber que faría o partido Popular ,se estivese gobernando, a favor dos dereitos dos traballadores e que medidas de política social ou de apoio ás rendas máis baixas tomaría se estivese no goberno; que o goberno de Zapatero se por algo se caracterizou durante estes seis anos que leva gobernando é por adoptar medidas de apoio aos traballadores e as rendas máis baixas deste país; que aí está o incremento do salario mínimo, o incremento das bolsas ou das pensións máis baixas, precisamente para que as consecuencias da crise económica non afecten tanto aos traballadores; que se o partido Popular ven agora a aplicar políticas socialistas e socialdemócratas, marabilloso, pero que quere ver ao Sr. Rajoy e aos deputados do PP sentados no Pacto de Toledo defendendo ese tipo de cousas ,ou ver ao partido Popular plantándolle cara ao presidente da Patronal cando diga barbaridades coma as que dixo o outro día do contrato sen dereitos para a xente nova deste país; que por isto o partido Socialista vai votar en contra desta moción, xa que o Goberno dixo por activa e por pasiva que isto é algo que non ten intención de aprobar e que o único que transcendeu desa idea publicamente foi a idea de sentarse, falar e ver coma vai evolucionar o sistema de pensións, de asumir que existe un problema demográfico importante, problema demográfico que pode solucionar en certo modo a inmigración, en definitiva ver cal é o futuro do sistema nacional de pensións, ver se máis alá do dous mill vinte e pico ,onde está garantido o sistema de

pensións, se pode soste co actual nivel demográfico deste país e coa actual cotización , e a partires de aí tomar decisións e medidas entre todos; que lles parece una moción alarmista polo que o partido Socialista non pode apoiala.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, expón que quizais non tería sido necesaria esta moción se o Presidente do Goberno non tivera sacado este anuncio ou se non houbera catro millóns seiscentos mil parados.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, di que respectan as cuestións que teñan o partido Socialista e Popular , e que dende o BNG admiran a capacidade retórica do Sr. Alcalde para darlle a volta ás cousas; que o Presidente do Goberno anunciou a ampliación da idade de xubilación aos sesenta e sete anos e tal é así, que os sindicatos, Comisións e a UXT estanse a manifestar por todo o Estado español en contra desa ampliación, polo que non estarán todos vendo o mundo dende o revés; que hai unha proposta que efectivamente non se fixo seria no lugar no que se tiña que facer, e posiblemente nese foro o BNG non coincida nin co partido Popular nin co partido Socialista xa que teñen propostas moito máis avanzadas, máis de esquerdas a favor das persoas que teñen as pensións máis baixas, pero que isto é unha cousa e outra o que se solicita nesta moción, que é a paralización desta proposta e que se leve o debate ao Pacto de Toledo onde están representadas todas as forzas políticas, ademais do apoio as mobilizacións que están a ter os sindicatos.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer unha petición á Sra. Secretaria para que lle dea unha testemuña da acta tan pronto como poida ser para mandarlle ao grupo Socialista e aos sindicatos.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que a proposta está máis que retirada e paralizada polo que votarán en contra . Continúa e di que coma a Comisión ditaminou informalmente desfavorablemente, os votos a favor serán a favor de non aceptar a moción e os votos en contra serán en contra de non aceptala.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 22 de febreiro de 2010, coa emenda que resulta do debate, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Votos en contra: Nove (9), (dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Abstencións: Unha (1), (do Sr. Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de acordo coa emenda que resulta do debate, quedando o acordo do seguinte tenor literal:

“1.- Instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado que retire a actual proposta sobre a Reforma das Pensións, contemplada no “Documento sobre a revisión do Pacto de Toledo”.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado a que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seu o Pacto de

Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.

3.- Apoiar as mobilizacións en contra da actual proposta de reforma do Sistema de Pensións.”

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN Á INICIATIVA PARA CONCEDERLLE O PREMIO NOBEL DA PAZ Á FUNDACIÓN VICENTE FERRER.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e di que trátase dunha moción que se levou á Comisión e que está ditaminada favorablemente por unanimidade na que se propón a candidatura da Fundación Vicente Ferrer ao premio Nobel da Paz.

Seguidamente dase conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 22 de febreiro de 2010 que, transcrito di:

“6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN Á INICIATIVA PARA CONCEDERLLE O PREMIO NOBEL DA PAZ Á FUNDACIÓN VICENTE FERRER.

De seguido dase conta da moción relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“ O Grupo municipal do PSdeG PSOE ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación á iniciativa para concederlle o **PREMIO NOBEL DA PAZ Á FUNDACIÓN VICENTE FERRER**, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN

DE

MOTIVOS:

A Fundación Vicente Ferrer é unha ONG de cooperación ó desenvolvemento radicada na comunidade de Andhra Prades, na India, que leva máis de trinta anos de traballo continuado a prol da mellora das condicións de vida das xentes máis empobrecidas daquel país e tentando sensibilizar á sociedade española na loita contra a pobreza e a marxinalidade nos países en desenvolvemento.

A Fundación Vicente Ferrer naceu como froito da vida e o compromiso deste cooperante catalán que dedicou a súa vida e a da súa familia a tentar erradicar a pobreza extrema na India, dende unha concepción de respecto pola cultura e a capacidade dos seus habitantes para ser quén de cambiar o seu destino.

A morte, en xuño de 2009, de Vicente Ferrer veu acompañada por unha masiva manifestación de solidariedade, agradecemento e compromiso na continuidade da súa obra. A través da rede social de internet Facebook, milleiros de internautas impulsaron unha Plataforma para propor a candidatura da Fundación ó Premio Nobel da Paz. Esta Plataforma, que onte facía a súa presentación en Oslo, conta co apoio e respaldo de concellos, comunidades autónomas, medios de comunicación, institucións, entidades sociais e particulares, nun movemento de rango mundial.

O Partido dos Socialistas de Galicia, que ten amosado en moitas ocasións o seu compromiso coa Cooperación Internacional e cos movementos a prol dos máis desfavorecidos, quere sumarse hoxe a este movemento, amosando o seu respaldo a unha candidatura que quere facer un recoñecemento ao traballo, á dedicación e ao compromiso coa humanidade enteira dunha pequena Fundación e do seu fundador, que un día decidiu traballar nunha das rexións máis pobres do mundo, Anantapur.

Por todo o sinalado anteriormente, o Grupo Municipal do PSdeG PSOE de Fene presenta a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello de Fene expresa o seu total apoio e respaldo á candidatura da Fundación Vicente Ferrer ao Premio Nobel da Paz.

Fene, 15 de febreiro de 2010.”

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que apoian esta moción pero hai que lembrar que teñen pendente o de San Valentín, polo que non se ten que esquecer o que se ten na casa.

Non producíndose intervencións, e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes ditaminar favorablemente a moción que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión celebrada en data 22 de febreiro de 2010, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión celebrada en data 22 de febreiro de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, BENESTAR E IGUALDADE RELATIVA AO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que trátase dunha moción que se levou á Comisión e que está ditaminada favorablemente por unanimidade e relacionado co día internacional das mulleres que se celebrará o vindeiro 8 de marzo.

Seguidamente dase conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión de data 25 de febreiro de 2010 que, transcrito di:

“...Seguidamente, e antes de entrar no punto de rogos e preguntas pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que desexa someter á consideración da Comisión Informativa por razón de urxencia unha moción relativa ao día 8 de marzo, día internacional das mulleres.

Continúa a súa intervención a Sra. Couto Seijido dicindo que a urxencia do asunto ven motivada polo feito de que o día internacional das mulleres é o día 8 de marzo e o vindeiro pleno ordinario a semana que ven.

De seguido pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárese aprobada a urxencia.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo tamén ten unha moción sobre o asunto.

Intervén a Sra. Silvar Canosa e manifesta que o seu grupo tamén ten unha proposta de acordos verbo do asunto, polo que poderían chegar a un acordo para tratar unha proposta de acordo consensuada.

Logo de deliberar sobre o asunto, a proposta de acordo queda redactada como segue:

“Un ano máis, en todo o mundo, o 8 de marzo únense voces e vontades para conmemorar o Día Internacional das Mulleres. É un día no que se bota a vista atrás para lembrar dificultades pasadas e logros acadados, pero tamén é un día de ilusión, de proxección, de deseño de

novos retos e de exploración das oportunidades que esperan ás actuais e futuras xeracións de mulleres.

Os avances na situación das mulleres non teñen sido fáciles, como tampouco o é o camiño que queda por andar. Todo proceso de cambio é lento e complexo. No caso das mulleres, desde os momentos históricos nos que non podía acceder á educación reglada, ao voto, ao mercado de traballo, ata a actualidade, cando consiguen as mellores cualificacións no eido universitario, cando exercen moitas profesións tradicionalmente masculinizadas, e participan en calquera eido da vida cultural, política, social ou económica, é evidente a profundidade da transformación acaecida.

Non podemos, sen embargo, caer no erro de pensar que todo está feito e que xa non é preciso continuar avanzando. As cifras relativas á participación no mercado laboral indican con toda claridade que as mulleres non se atopan en igualdade de condicións respecto aos varóns, xa que son habitualmente elas sobre as que incide de maior maneira o desemprego, ou a temporalidade.

Desde o Concello de Fene cremos que é necesario seguir na laboura de sensibilización, de difusión e de comunicación da situación de desigualdade que moitas mulleres seguen a sufrir, insistir na necesidade de traballar no grave problema do desemprego ou da precariedade laboral, que afecta de maneira tan importante ás mulleres de todas as idades, así como na eliminación da lacra da violencia de xénero. A falla de visibilización do traballo desenvolvido polas mulleres, as diferencias nas percepcións salariais, o desigual reparto das tarefas domésticas e das responsabilidades familiares, ou as diferenzas existentes na esfera da toma de decisións son só algún dos retos pendentes. Non se trata só de avanzar cuantitativamente en materia laboral senon que ese avance veña acompañado de melloras cualitativas.

A complexidade da tarefa pendente non nos debe desalentar nin constituír un obstáculo para esta aspiración, ao contrario, debe ser un motor que nos impulse no avance, sobre a base de que cada ameaza pode e debe converterse nunha oportunidade.

Os avances en materia lexislativa son innegables, pero está pendente que as mulleres, e a sociedade na súa globalidade, coñezan os dereitos recollidos nesas leis, pois na base da súa utilización está ese coñecemento. Todos os modos de discriminación deben ser erradicados, de aí a importancia de continuar avanzando na educación en igualdade, para que as xeracións vindeiras vivan nunha esfera de respecto á diversidade, de tolerancia e de paz, superando antigos conceptos, actitudes e comportamentos que están na base da desigualdade existente entre mulleres e homes.

Insistimos na necesidade de avanzar cara a unha sociedade na que mulleres e homes sexan diferentes en tanto que persoas, pero iguais en dereitos e oportunidades, e estamos dispostos e despostas, desde o Concello de Fene a poñer o noso empeño en continuar traballando para a procura destes obxectivos. Só desta forma contribuiremos a crear unha sociedade galega máis igualitaria, máis democrática e máis feliz.

Polo exposto propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Realizar actos de conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, que impliquen a sensibilización social sobre a discriminación das mulleres, comprometendo ao conxunto de veciños e veciñas, asociación e entidades deste Concello.

2. Realizar ao longo deste ano actos que promovan a difusión masiva da obra e vida de Rosalía de Castro, resaltando, tanto o seu papel na dignificación e recuperación da lingua galega, como no contido feminista da súa obra.

3. Reclamar á Xunta de Galicia a posta en marcha das seguintes actuacións:

- Elaboración dun Plan de Emprego para as Mulleres, que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos productivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai un importante presenza feminista.
- Demandar a provisión con carácter público de novas prazas de escolas infantís, centros de día, prazas en residencias e a posta en marcha dun servizo público de Kangur@s.
- Apostar por estender as equipas de igualdade nas oficinas de I+B ou algo equivalente.
 - Desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

4. Comprometerse a traballar para que os Estados membros e as institucións da UE aseguren unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade.

5. Comprometerse a traballar para que os gobernos nacionais e as institucións da UE promovan a corresponsabilidade de mulleres e homes no ámbito doméstico e dos cidadáns, contribuíndo así a a facilitar o acceso igualitario de mulleres e homes a postos de responsabilidade e de toma de decisión.

6. Comprometerse a traballar para que a igualdade de xénero sexa unha prioridade nas axendas políticas dos Estados membros e da UE e a intensificar nosos esforzos para identificar e abordar os obstáculos que dificultan, impiden ou limitan a participación das mulleres nos ámbitos de responsabilidade, en particular de decisión política e económica e de xeneración de coñecemento.

7. Comprometerse a impulsar nos nosos Gobernos e institucións europeas a consideración de posibles cambios normativos, que incorporen a transversalidade de xénero, medidas de acción positiva, umbrais e metas que promovan unha participación máis equilibrada das mulleres e os homes nos ámbitos políticos, públicos e económicos.

8. Comprometerse a traballar para incorporar a dimensión de xénero nas respostas fronte a crise económica, financeira e de emprego, tendo en conta o distinto impacto que esta ten en mulleres e homes e para que elo se reflexe na vindeira Estratexia 2020.

9. Comprometerse a poñer ao servizo da sociedade a nosa posición estratéxica e a nosa experiencia para eliminar e prevenir todo tipo de discriminación.

10. Comprometerse a explorar coas institucións europeas e cos Estados Membros a posibilidade de celebrar periódicamente vindeiras cumbres de Ministras e líderes políticas.

11. Comprometerse a promover a igualdade de xénero na Acción Exterior e na Cooperación ao Desenvolvemento da Unión Europea.

12. Comprometerse a apoiar a futura entidade de xénero das Nacións Unidas para avanzar na capacitación das mulleres de todo o mundo e respaldar a aquelas que se enfrentan con maiores dificultades.

13. Facer un chamamento aos Gobernos dos 27 Estados membros , ás institucións da UE, aos axentes sociais e económicos, aos medios de comunicación, ás institucións académicas e científicas e a todos os homes e mulleres, que removan os obstáculos que impiden a plena participación das mulleres en todos os ámbitos da sociedade e o seu acceso e permanencia nos postos de toma de decisións, contribuíndo así a sociedades máis xustas, máis iguais, máis inclusivas e eficientes.”

Sometida pola Presidencia a proposta a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Socail, Benestar e Igualdade acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta , que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 25 de febreiro de 2010, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 25 de febreiro de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 41/2010 do 28 de xaneiro de 2010 e a número 103/2010 do 1 de marzo de 2010, manifestando o Sr. Alcalde-Presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

7º.- MOCIÓNS URXENTES.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que hai tres mocións urxentes, unha do grupo municipal do BNG, outra do grupo municipal do PP e outra do grupo municipal EU.

7º.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS OBRAS PENDENTES DE EXECUTAR NO CONCELLO DE FENE DENDE O ANO 2007.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, expón que a xustificación da urxencia da moción ven determinada polos prazos para rematar estas obras e polos escritos procedentes da Deputación Provincial polo que queren que se inclúa no vindeiro Pleno un punto monográfico para que o concelleiro delegado de obras, da Área de Desenvolvemento Territorial, lles dea unha explicación das actuacións realizadas; que entenden que é urxente xa que están en marzo e xullo está moi próximo ,e pódense perder seiscentos e pico mil euros.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente que manifesta que no comparten a urxencia, xa que hai ata o mes de xullo para licitar e ata o mes de novembro para facer a obra; que os trámites están moi avanzados e xa está próxima a subsanación dos requirimentos que Deputación lles requiriu nesos escritos, polo que van votar en contra da urxencia por non estar xustificada.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que están a favor da urxencia da moción, entre outras cousas, porque levan tres anos sen que se execute nin unha sola obra de Plans Provinciais, e que esa responsabilidade tamén é atribuíble ao BNG ,xa que estiveron gobernando dous anos; que pensa que é grave que se poidan perder eses seiscentos mil euros.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que van admitir a urxencia.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria urxencia do asunto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10) (dos/as Sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Vigo López, Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez).

Votos en contra: sete (7) (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, López Rodríguez, Lourido González e Rey Sampayo).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia do asunto.

Pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín e, unha vez concedido, manifesta que está desagradablemente sorprendido porque un goberno que se considere democrático non pode opoñerse a que se debatan asuntos que son de vital importancia dos seus veciños, e asuntos de vital importancia son as obras que pode facer o Concello a través dos Plans Provinciais, e procede a dar lectura á moción que, transcrita di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do grupo municipal do BNG no Concello de Fene presenta para o seu debate e aprobación a seguinte moción relativa ás obras pendentes de executar no Concello de Fene dende o ano 2007.

Exposición de motivos

O Concello de Fene ten aprobadas obras de Plans provinciais por valor de 1.585.375,62 €. Dende o Plan de Obras e Servizos de 2007 até o POS do 2010 a Concellaría de obras non foi quen de iniciar nin unha soa actuación. Os problemas administrativos ou de legalidade dos respectivos informes xurídicos dos diferentes Plans foron motivo dunha xuntanza dos concelleiros do BNG xunto co Alcalde e o Concelleiro delegado da Área de desenvolvemento territorial na Deputación Provincial co Presidente e o Vicepresidente ademais dos técnicos do ente Provincial. Nesta xuntanza realizada no mes de outubro pasado chegamos a un punto de encontro para desbloquear a situación. A proposta do BNG, acordamos que fose solicitado un informe xurídico e urbanístico ao equipo redactor do PXOM de Fene. Esta alternativa pareceu válida para todas as partes, e agora catro meses despois atopámonos que non se ten iniciada nin unha das obras do 2007, e por suposto de ningunha anualidade posterior. No GM do BNG de Fene vemos com moita preocupación os requerimentos de documentación da Deputación da Coruña de data 10 de febreiro onde se indica con claridade que están a piques de perder máis de 600.000 dos plans de 2007.

Para clarificar con carácter monográfico a situación das obras que de seguido se relacionan:

ANO 2007

P.O.S 2007: 346.291,95.-€

ABASTECIMENTO ESTRADA DA PALMA MARXE DEREITA

SANEAMENTO CAMIÑO DE LUBIÁN 1ª FASE

SANEAMENTO CAMIÑO MONTE DA CANCELADA (BARALLOBRE)

SANEAMENTO CAMIÑO DO COCALLO (BARALLOBRE)

SANEAMENTO FONTE NOVA (2ª FASE) (MAGALOFES)

PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DE CHAMOSO (FENE)

SERV. PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA CASA VELLA (FENE)

SENDA PEONIL AVD. COOPERACIÓN- RÚA TELLERÍAS (SAN VALENTÍN)

P.C.P. 2007: 335.977,77.-€

REURBANIZACIÓN MURO DAS CHANCAS

REURBANIZACIÓN SAN VALENTÍN (2ª FASE)

PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO TRABADO

ABASTECIMIENTO CAMIÑO DE BOADO-TRES CASTIÑEIROS (MANIÑOS)

DOTACIÓN SERVIZOS PARQUE RÍO DE BAA (MANIÑOS)

PAVIMENTACIÓN PARCIAL CAMIÑO DE VILANOVA

Solicitamos, ao abeiro do artigo 104 do ROF, a adopción do seguinte acordo:

1.-Incluír na orde do día do seguinte pleno municipal o seguinte asunto .- Solicitud de información ao Concelleiro delegado da Área de desenvolvemento territorial relativas ás actuacións e xestións da súa delegación con carácter xeral e en especial coa programación de obras aprobadas e sen executar desde o ano 2007 procedentes de fondos provinciais.

Fene 2 de marzo de 2009

Manuel Polo Gundín.

Portavoz do grupo municipal do BNG.”

Prosegue o Sr. Polo Gundín a súa intervención e manifesta que dende o BNG queren que se explique claramente no Pleno, porque non se fixo nos outros foros, cal é a situación deste paquete de obras das que se non se acelera o proceso de contratación se poden perder; que son obras importantísimas para o Concello, obras comprometidas cos veciños dende hai tres anos e pensa que vai sendo hora de dar explicacións delas neste Pleno e ademais avisan de que o BNG colaborou, estando no goberno e fóra do goberno, co concelleiro de obras e co alcalde en xestionar estes temas e queren saber e teñen dereito a saber de todas as xestións que fixeron, algunhas xunto co goberno e outras coma grupo, a que termo teñen chegado, porque o que non é de recibo é que se perda este Plan, que non se teña feito o do ano dous mil oito, dous mil nove nin estea iniciado o do dous mil dez.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que ven con moita preocupación o que está pasando, e que non é a primeira vez que sucede ,xa que se perdeu a subvención de Medio Rural do camiño de Mundín e a saída do río Mandeo, que se penalizou ou se vai penalizar as obras do ascensor do Pavillón de San Valentín e que por comentarios que se escoitan se vai penalizar tamén o do Pavillón de Barallobre e tamén o do escrito da Deputación que entrou aquí o 29 de setembro sobre a posta a disposición de parte dos terreos da obra das beirarrúas de Barallobre e que non foi a Pleno ata xaneiro; que non lles sorprende nada o que está a pasar e que non son coñecedores de que agora, no mes de febreiro tiña entrado un escrito da Deputación tocante a estas obras; que tamén ven con preocupación que parte desas obras tamén se inclúen nos orzamentos de investimentos de 2010 e á vista do ritmo que van levar creen que é necesario que por parte da Concellería se explique dun xeito claro como está a situación e como vai acabar todo isto; que a proposta é razoable e o partido Popular a vai apoiar.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que hai unha serie de obras sen realizar e que non sabía que se estaba a xogar cuns límites tan pequenos e solicita que polo grupo de goberno se explique o que hai.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que se pon a disposición de tódolos grupos para explicar o que faga falla no seguinte

Pleno verbo da situación do POS e do PCC 2007 e di que é unha sorpresa que todo isto saia do BNG cando hai dous meses saíu en todos os medios dicindo que a situación estaba desbloqueada pola súa xestión.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente que manifesta que pola súa banda, por se aludir á Alcaldía, quere formular varias cuestións; que verbo do POS e do PCP 2007 ,pasa o que pasaba co PIL 2005, o POS 2006 e o POS 2007 que terían que ser iniciados pola anterior Corporación municipal de Fene, polo goberno do BNG e que tivo que executar o actual goberno, previa resolución de tódolos problemas que tiñan; que cando chegaron ao goberno municipal o POS 2007 xa se tiña traído a Pleno dúas veces para cambiar as obras, xa que as obras que contiña non se podían executar ,e logo tramitar ante a Deputación todos os requirimentos que houbo durante todo este tempo; que polo tanto non é un problema exclusivo dos Plans que xestionou o actual goberno,xa que é un problema que tiñan os Plans que xa viñan do último goberno do BNG e que coñecen perfectamente; que por parte do goberno facilitarlles toda a información e documentación que lles acaba de ofrecer o concelleiro de obras, coma non podía ser doutro xeito e que pola súa parte dicir que esta semana, e a raíz deses escritos, tivo unha serie de contactos e aclaracións na propia Deputación, e tanto un Plan coma o outro, que son os máis urxentes, todas as solicitudes e requirimentos de documentación que a Deputación fixo, tanto as que se fixeron nesa reunión de setembro de 2009 á que aludía o voceiro do BNG referido a un dos informes do redactor do Plan de urbanismo coma información posterior que se require, basicamente un informe da Alcaldía que xustifique por que a Corporación aprobou todas esas obras co informe desfavorable da Secretaría municipal, que é basicamente o que se pide xunto os permisos doutras Administracións para facer as obras; que tanto unha cousa coma a outra están a piques de ser resoltas e postas a disposición da Deputación para facer as obras sen risco de que se poidan perder os cartos; que entenden que o órgano para discutir esta documentación debe ser unha comisión informativa e non o Pleno, pero se ten que ser o Pleno porque así o decide a maioría non teñen ningún tipo de problema; que respecto a tres afirmacións que facía o voceiro do partido Popular di que é a segunda vez que llo escoita, que se perden os cartos de Medio Rural pero nin a el a Xunta por escrito, nin verbalmente lle di iso, o que si lles din é que había unha obra de Medio Rural que estivo esperando por un permiso de Patrimonio durante moito tempo, que había un contrato asinado cunha empresa para facer esa obra e que o contrato se rescindiu, pero que non están perdidos os cartos da obra, sinxelamente haberá que asinar cunha nova empresa e facer a obra; que sobre o Pavillón de Barallobre non sabe de que tipo de penalización fala dende o momento de que nin se nos advertiu sobre isto e se está en prazo, xa que forma parte do Convenio de Perlio, do campo de fútbol dos Pinares para poder facer esa obra, un convenio asinado coa Deputación da Coruña a finais de ano de trescentos mil euros; que de feito o proxecto do pavillón está pendente de finalización para o poder adjudicar inmediatamente.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, expón que un dos xeitos que ten a oposición de fiscalizar ao goberno, entre outros, é o de poder pedir a comparecencia dos membros da Corporación; que o BNG non o fixo ata o momento e que o fai agora porque entenden que é un asunto de extrema importancia que lles preocupa e no que se implicaron a fondo, a pesar de non ser unha área que levara o BNG ; que se o BNG recorre ao artigo 104 e 105 do ROF para pedir unha comparecencia no Pleno no mes de abril é porque as obras teñen que estar obrigatoriamente contratadas antes do fin de xuño pois se non se perden seiscentos setenta mil euros ; que aquí pareza que iso non é importante, cando este Concello non ten capacidade neste momento de investir nin un so euro en obras; que é fundamental non perder nin un euro do diñeiro que proceda doutras Administracións, neste caso da Deputación; que coma se está a entrar no hábito de non dar información e eles levan, con paciencia, solicitando e rogando ao alcalde información dende hai uns cantos Plenos e coma non se lles informa nin dende a Xunta de voceiros, porque non as hai, nin nas Comisións Informativas porque só se informa do que interesa, non lles queda máis remedio que acudir ao Pleno porque é o foro onde hai a marxe legal para facelo , formular estas cuestións; que lles estraña que o Presidente da Deputación e non un

funcionario se dirixa ao Concello logo de ter unha reunión co alcalde, o concelleiro, conversas telefónicas, etc; que lle sorprende que as relacións entre o alcalde e o presidente da Deputación non sexan todo o boas posibles e que por unha cuestión persoal ou política se poida traducir nun problema para os veciños e veciñas de Fene por unha falla de resposta; que roga para que apoie esta proposta para que o seu concelleiro delegado dea todo tipo de explicacións para que poña aos veciños por diante doutro tipo de intereses.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que a penalización da subvención de San Valentín se dixo neste Pleno e que as noticias que ten é que tamén irá o Pavillón do Ramo; que hai uns órganos onde se canaliza a información que é nas comisións está claro, pero que nas ordes do día das comisións desta última temporada non vai nada e nin sequera nas dacións de conta se da conta do que hai e o que lle parece é que se a Concellería de Obras, se realmente veu ese requirimento da Deputación, é o suficientemente grave e importante para que dese conta na comisión que tiveron o venres pasado, coma a promesa que se dixo unha ou dúas veces de que os escritos que presentan os veciños se leven á comisión dos que so viron un ou dous e pouco máis; que respecto de que non se piden os permisos ás outras Administracións, de mostra un botón, cando no parque sito ao lado do Concello tiveron unha sanción de Augas de Galicia por non ter permiso; que respecto das obras a que se referiu, a empresa non fixo a obra porque faltaban os permisos de Medio Ambiente, Augas de Galicia e Costas, e que a empresa renunciou ao contrato; que aínda que non se perderan os cartos e estean aí acumulados a obra xa podía estar feita.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que a información que chegue aos Plenos é algo democrático polo que ven a petición ben feita.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que ve moi preocupado ao BNG pola relación súa co presidente da Deputación; que no PSOE poden formar parte de candidaturas diferentes, ter posturas diferentes, pero non pasa nada, se levan todos ben; que en todo caso, contestando ao partido Popular sobre o do Pavillón de San Valentín é certo que xa se falou neste Pleno que debido ao retraso nos trámites da documentación que houbo no Concello a sanción contemplada é entre 75 e 900 euros por iniciar tarde o trámite e que xa se verá a que se impón; que verbo dos permisos, faltaría máis que fose responsabilidade deste Concello os permisos, que os pide, pero non é responsabilidade do Concello que tarde a Xunta en dar un permiso; que no Parque Lineal, que se inaugurou o ano pasado co Plan E e que se fixo ao lado da Casa do Concello, non é verdade que se multase ao Concello por non pedir o permiso a Augas de Galicia, senón que se multou ao Concello por empezar a obra antes de ter concedido o permiso de Augas de Galicia, que é diferente, e que se lle multou porque este permiso tardou seis meses en chegar ao Concello; que coma o Plan E tiña uns prazos para empezar as obras, e houbo unha denuncia e os responsables de Augas de Galicia tiveron que vir e se abriu un procedemento e se sancionou con douscentos euros por empezar a obra; que é máis axeitado o pagamento de douscentos euros por empezar a obra co permiso pedido que perder cento cincuenta mil que custou esta obra; que en todo caso non teñen ningún afán en ocultar nada nin de non contar coma están as obras e que o partido socialista votará a favor desta moción e no Pleno se dirá como está o estado das obras e dos permisos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que alégrase do cambio repentino da postura, xa que hai dous minutos que acaban de votar en contra; que en relación ao falado anteriormente da obra do ascensor de San Valentín, aínda que non é cuestión da moción, eles preguntaron reiteradas veces, concretamente a súa compañeira a Sra. Couto Seijido e se lles dixo que se perdía un dez por cento do valor da obra, e que si é preocupante xa que é unha obra de cento vinte catro mil euros; que se agora se lles di que son

setecentos euros o nivel de preocupación, igual que o nivel de cartos, baixa ostensiblemente; que en todo caso, centrándose xa na moción, ven dun xeito moi sano que se poida falar.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a Moción do grupo municipal do BNG de data 2 de marzo de 2010, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción do grupo municipal do BNG de data 2 de marzo de 2010 anteriormente transcrita.

7º.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI DO GPP NO CONGRESO DES DEPUTADOS PARA QUE AUTÓNOMOS E PEMES NON TRIBUTEN POLO VIE DAS FACTURAS NON COBRADAS.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, expón que a xustificación da urxencia ven determinada por instar o antes posible aos órganos que teñen estes acordos, primeiro o Goberno e despois o Parlamento.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia do asunto.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que a moción é bastante clara; que non sería tan difícil que por parte do goberno se aceptase este tipo de modificación da lei que é tan simple coma aceptar o criterio de caixa en vez do criterio de pagamento; que consistiría en liquidar o IVE cando se cobra e non cando se emiten as facturas; que esta é a xustificación da proposta de acordo que traen ao Concello de Fene . A moción , transcrita di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI DO GPP NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA QUE AUTÓNOMOS E PEMES NON TRIBUTEN POLO IVE DAS FACTURAS NON COBRADAS

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

E comúnmente aceptado que o colectivo de traballadores autónomos é pemes son dos que teñen mais importancia dentro do mercado de traballo pola súas diversas funcións de empregadores, xeradores de actividade económica e outras de calado social, como as de fixación da poboación no entorno ou a de mantemento de oficios e actividades en risco de desaparición.

E sabido que nos momentos alcistas do ciclo económico a súa actividade coma empresarios é crucial para explicar o dimensionamento do mercado laboral e o gran aumento da empregabilidade, Tendo en conta a estrutura productiva da economía galega e a carencia de grandes empresas, son os autónomos e pequenos empresarios os que asumiron a responsabilidade de seren, coma colectivo, os principais creadores de emprego na nosa Comunidade.

As cifras do colectivo son abrumadoramente significativas, en Galicia mais de 230.000 persoas pertencen a este colectivo, e representan 1 de cada 4 afiliados a Seguridade Social na nosa CA , e son mais do 70% das pemes galegas.

Traballadores autónomos e pequenas e medianas empresas están véndose moi afectadas pola crise económica que atravesamos no país. O número de autónomos afiliados á Seguridade Social estase a reducir e consecuentemente a creación de empresas.

Asimesmo, autónomos e PEMES están atravesando os mais graves atrancos e son os que atopan mais dificultades para obter financiación. A maioría das PEMES que acudiron a unha entidade para solicitar crédito tiveron problemas para obtelo.

Por todo elo, o Congreso dos Deputados, a instancia do Grupo Parlamentario Popular, aprobou o 21 de abril de 2009, unha Proposición non de lei relativa á medidas fiscais para mellorar a liquidez de PEMES e autónomos que non cobren as súas facturas.

A pesares do tempo transcurrido, o Goberno non deu cumprimento ao mandato do Congreso dos Deputados, polo que o 8 de outubro de 2009 se promoveu unha proposición de lei para modificar a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, co fin de eximir a PEMES e autónomos da obrigación de tributar por IVE polas facturas non cobradas.

O pasado día 9, o Congreso dos Deputados acordou por **unanimidade** a toma en consideración da antedita Proposición de Lei.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno do Concello de acorda apoiar a tramitación parlamentaria, para que se produza coa máxima axilidade, ata a aprobación da Proposición de Lei de modificación da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE, para permitir a PEMES e autónomos non tributar polo IVE das facturas non cobradas, dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.”

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o BNG coincide con esa proposta; que de feito no Congreso dos Deputados aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei nese sentido; que é algo que ten bastante sentido sobre todo tendo en conta o que se mencionou fai un momento, a morosidade e os impagamentos que sofren sobre todo os autónomos fronte as pequenas e medianas empresas; que entende que esta medida en si mesma é positiva.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que nunha proposta que foi aprobada por unanimidade pouco máis hai que engadir, e que vai votar a favor.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o partido Socialista tamén vai votar a favor xa que forma parte dos acordos e dos ámbitos de traballos nos que están a traballar todos os grupos políticos no Congreso dos Deputados e entenden que o os autónomos son o colectivo empresarial mais necesitado de protección governamental, coma así se está a facer dende os derradeiros seis anos.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que comparte a idea de que se non se cobra non se pague, pero que unha vez cobrado se proceda ao pagamento.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, di que isto se contempla na moción e que seguindo o criterio de caixa sería xusto que se pagase cando se cobre.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a Moción do grupo municipal do PP de data 25 de febreiro de 2010, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción do grupo municipal do PP de data 25 de febreiro de 2010 anteriormente transcrita.

7º.3.- MOCIÓN NA QUE SE INSTA AO GOBERNO ESPAÑOL A CANCELAR INMEDIATAMENTE A DÉBEDA EXTERNA QUE RECLAMA HAITÍ A RAÍZ DO TERREMOTO DO 12 DE XANEIRO DE 2010.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, expón que a xustificación da urxencia ven determinada pola proximidade do terremoto que asolou Haití e pola necesidade de axuda urxente.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia do asunto.

A moción, transcrita di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA NO CONCELLO DE FENE NA QUE SE INSTA AO GOBERNO DE ESPAÑOL A CANCELAR INMEDIATAMENTE A DÉBEDA EXTERNA QUE RECLAMA A HAITÍ A RAÍZ DO TERREMOTO DO 12 DE XANEIRO DE 2010

De acordo, e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal de ESQUERDA UNIDA no Concello de FENE desexa someter a consideración do Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dado que o terremoto do pasado 12 de xaneiro de 2010 en Haití causou máis de 150.000 mortos, con miles de desaparecidos e desprazados, e causou incalculables danos materiais.

Dado que Haití ten contraída unha débeda externa que ascende a un total de 1.885 millóns de dólares, dos cales, en xullo de 2009 a comunidade internacional comprometeuse a cancelar 1.200 millóns, xa que Haití cumprira cos compromisos internacionais para a cancelación de boa parta da súa débeda.

Dado que o Estado español reclama preto de 30 millóns de euros en concepto de débeda externa e que está sometido ao compromiso de cancelación do 100% do que aínda reclama.

Dado que o Club de París (que agrupa aos principais países acredores do mundo) reuniuse o pasado 19 de xaneiro e emitiu un comunicado en que “exhortaba a todos os acredores

bilaterais de Haití a condonar a súa débeda externa, considerando as necesidades financeiras que afronta este país”.

Dado que boa parte desta débeda foi considerada polas organizacións da sociedade civil destes países como unha débeda ilexítima, contraída a miúdo por gobernos ditadores e corruptos, como foron os da familia Duvalier.

Dado que a campaña QUEN DEBE A QUÉN? (que aglutina a máis de 50 organizacións de todo o Estado español), así como as redes internacionais de débeda como son XUBILEO SUR (movemento de oposición á débeda externa integrado unicamente por colectivos dos países do Sur), EURODAD (rede europea conformada por 59 organizacións que traballa na cancelación da débeda en 18 países europeos) o CADTM (Comité de Anulación da Débeda ao Terceiro Mundo, que traballa en todo o planeta), así como incontables organizacións e movementos sociais de todas partes do mundo están solicitando a anulación total da débeda de Haití.

Dado que existe un alto perigo de militarización da axuda internacional que está recibindo Haití, como resposta á catástrofe que está sufrindo.

Por iso o Grupo Municipal de FENE de ESQUERDA UNIDA propón para a súa aprobación ao pleno do Concello a presente MOCIÓN, cos seguintes ACORDOS:

1º Reclamar ao Goberno español a cancelación total e inmediata do 100% da débeda externa que aínda reclama a Haití, de xeito inmediato, incondicional e sen ningún tipo de contraprestación, tal e como tamén lle solicita a comunidade internacional.

2º Instar ao Goberno español a realizar unha auditoría da débeda externa que reclama a Haití par esclarecer a orixe desta débeda, contraída por gobernos ditadores e corruptos, como foron os da familiar Duvalier e, en caso necesario, tomar as accións pertinentes contra as persoas e/ou administracións que orixinaron ilexítimamente a débeda externa.

3º Pedir ao Goberno español que as axudas que destine a Haití sexan doazóns non reembolsables e que, ningún caso, estas axudas fáganse en forma de créditos FAD (Fondos de Axuda ao Desenvolvemento), créditos a exportación ligados á contratación de bens e servizos a empresas españolas en mellores condicións que as que ofrece o mercado, pero que acaban prexudicando aínda máis os países receptores, posto que como todo crédito vai acompañado de intereses, este feito contribúe a incrementar aínda máis a débeda externa destes países.

4º Solicitar ao Goberno español que as axudas que destine a Haití non sexan militarizadas; é dicir, que se outorguen só mediante as administracións pública civís e organizacións e movementos da sociedade civil organizada.

5º Reclamar ao Goberno español que, nun momento en que ostenta a presidencia de quenda á Unión Europea, inste á comunidade internacional, xa sexan países ou institucións financeiras internacionais onde ten representación (Fondo Monetario Internacional, Banco Mundial, Banco Interamericano de Desenvolvemento) a cancelar o 100% da débeda que se lle reclama a Haití, de xeito inmediato, incondicional e sen ningún tipo de contra prestación. Do mesmo xeito, que toda a axuda internacional sexa en forma de doazón non reembolsable, non condicionada e de xeito non militarizada. Especialmente, solicitamos a que se inste ao fondo Monetario Internacional a reconverter o crédito de 100 millóns de dólares ao que se comprometeu, nunha doazón non reembolsable e non condicionada.

6º Trasladar o contido da presente moción á Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; á dirección Xeral de Financiamento Internacional do Ministerio de Economía e Facenda; á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e ao Observatorio da Débeda na Globalización.

Fene 22 de febreiro de 2010

Nome do asinante: Manuel Sanchez Martinez

Portavoz do Grupo Municipal de FENE”

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o BNG non trouxo unha moción deste tipo, pero si presentaron un escrito dirixido ao Sr. Alcalde para que se puxera en contacto co Fondo Galego de Cooperación, que é un fondo de solidariedade internacional ao que está adscrito o Concello de Fene e ao que se está a achegar cartos, para ver se é necesario facer algunha aportación adicional ao mesmo; que eles nese sentido reiteran esa necesidade con independencia do que se di na moción que son cuestións moi importantes da economía de Haití, de cómo se pode distribuír a axuda e eliminar a débeda externa, co que eles están de acordo; que tamén entenden que pode haber axudas moito máis pequenas e proxectos menos ambiciosos que se poden facer dende o Fondo Galego de Cooperación, no que o Concello de Fene pode liderar esa proposta, a pesar de que a economía municipal non é moi boiante, pero tendo en conta que o salario dun haitiano é de tres dólares diarios non é moi difícil pensar que calquera axuda que se lle poida enviar para calquera proxecto educativo, sanitario, etc. sempre será benvido.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que van votar a favor da moción; que o único co que non están moi de acordo é con gastar os cartos nunha auditoría, que os destinarían precisamente a Haití, xa que a auditoría pouco lle vai solucionar ao pobo de Haití; que é o único que lle ven á moción pero que van votar a favor.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dende o partido Socialista van votar tamén a favor desta moción; que basicamente están de acordo con todos os puntos que se formulan e que o da auditoría, como indica o voceiro do partido Popular, igual é o menos necesario pero que non lles causa ningún problema.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a Moción de data 22 de febreiro de 2010, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción de data 22 de febreiro de 2010 anteriormente transcrita.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

(Neste momento ausentase do salón de sesións a Sra. Concelleira Dona Rita María Couto Seijido).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, di que quere preguntarlle ao concelleiro de Facenda se ten previsto unha segunda xuntanza para negociar os orzamentos co BNG e explicar as cuestións que lle pediron na xuntanza do martes vinte e dous de febreiro; que tamén viron que o nove e o dezaseis de xullo entraron dous escritos da Deputación Provincial, nun dándolles unha prórroga ao Concello por doce mil euros para o chan do pavillón do Ramo e outro indicando o convenio do que antes se falou para o vestiario dos Pinares e para o chan do pavillón do Ramo, polo que queren saber en que situación se atopan estas obras e cando se teñen previsto comezar, as dúas; que respecto do campo de fútbol dos Pinares, tamén lle gustaría

saber, xa que non viron nada nos orzamentos, e que é unha das inqedanzas que teñen, se vai quedar así, si se van facer eses vestiarios e cándo, se está previsto facer algún regulamento de uso desa instalación, se está prevista algunha ordenanza fiscal .

(Neste momento ausentase do salón de sesións o Sr. Concelleiro Don Edgar Antonio Vigo López).

Continúa o Sr. Polo Gundín a súa intervención dicindo que recibiron queixas das ANPA da Xunqueira e do CEIP de San Valentín e rogan que se pinten os pasos de peóns, xa que concretamente o que está na Avenida do Mar non se ve; roga, ademais de que se lles conteste á primeira pregunta, que traian os orzamentos ao Pleno, xa que os veciños e veciñas de Fene necesitan un orzamento, aínda que sexa cativo, para poder seguir traballando; que tamén queren facer un rogo relativo a unha moción que presentaron alá polo mes de decembro que retiraron para que se tratase en comisión informativa e non se tratou, xa que cando se retira unha moción da orde do día, non lle compete a quen a presentou volvela a presentar, senón ao Presidente da comisión levala á súa orde do día.

(Neste momento reincorpórase ao Salón de sesións a Sra. Concelleira Dona Rita María Couto Sejjido).

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que ten un rogo e varias preguntas que facer; que continúa sen repoñerse os tres colectores de papel e un de vidro na parroquia de Perlío e consideran que catro meses é un prazo excesivo para colocar os colectores no seu sitio polo que roga novamente a súa reposición á maior brevidade; que quere saber se dende o Concello se están a revisar os traballos de canalización da depuradora ,pois o alcalde foi informado de varias queixas que a día de hoxe seguen sen se solventar, fala do Ramo, de Bodegas Barral, do camiño do Carril no que se ven fochas e barro nas entradas das casas e aínda que os traballos non están feitos por este concello, que si cree que tanto o concelleiro de obras coma o alcalde non poden quedar impasibles diante destes problemas; que quere preguntar ao concelleiro de obras se ten pensado rebachear ; que quere comentar de novo o tema dos voluminosos, que volve saír neste Pleno por terceira vez, e que aínda que o concelleiro responsable deu conta na comisión de que estaba a haber problemas, cousa da que se alegran, non dos problemas senón do recoñecemento; di que si se , se contratou este servizo por ser máis económico, pregunta qué é o económico, xa que hoxe é xoves e o Concello está cheo de voluminosos e relata unha listaxe, en Magalofes, na estrada da Torre, Redondo, Cadavás na que hai mobles, en Fontemoura, na Torre, no camiño do polideportivo, en Limodre no camiño do Rachabolos, en Maniños nas casas de Castro, en Fene en Forgosende sofás e di que pode seguir, que ten unha boa lista e reitera que hoxe é xoves, e onte non é que fose día de recollida, senón que houbo outra recollida simultánea do camiño do Concello, polo que pregunta cal é o aforro, xa que hai voluminosos por todos lados, os veciños e veciñas e as sociedades seguen sen ter ningunha información e seguen a chamar ao teléfono de voluminosos e a resposta é este número non está dispoñible; que está claro que se está improvisando e que están a favor do aforro, sempre e cando se preste un servizo eficiente; pregunta tamén á concelleira de Medio Ambiente cal vai ser a nova actuación para a mediana das Pías e se xa ten cuantificado o importe.

(Neste momento reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Concelleiro Edgar Antonio Vigo López).

Continua a Sra. Roca Requeijo a súa intervención preguntando polo segundo programa de compostaxe caseira, que foi posto en marcha no mes de xuño, e que coma son seis meses, non saben se rematou ou non, polo que queren saber en que situación se atopa, a valoración da concelleira deste programa , si se ten previsto continuar co mesmo e suxerir unha xuntanza entre os participantes do primeiro e segundo programa para falar do que foi a experiencia.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido manifesta que quere saber si se recibiu dos veciños da Armada unha recollida de sinaturas solicitando que se realicen as beirarrúas nesta zona do concello; di que tamén esta mesma zona da Armada estase a producir, un problema, xa comentado noutro Pleno, que é a caída da folla das árbores que atascan a rede de sumidoiros, especialmente nesta zona onde o colector está tupido, polo que roga que se fagan as xestións oportunas para solucionar este problema; que quere preguntar á concelleira delegada da Área de Cultura e Deportes por unha nova recollida de sinaturas que chegou a todos os grupos municipais sobre un informe coas deficiencias que presenta o centro de ensino “Os Casais”, que el mesmo visitou polo que quere preguntar se dende a concellería de obras e servizos se fixo algo, e caso contrario pregunta pola resposta que se lle vai dar, xa que hai un problema importante de pintura interior, porque no colexio de Centieiras por un fallo de aplicación na pintura interior se incautou parte da garantía pero no centro dos Casais ademais hai tamén goteiras enormes, bolsas de auga na fachada e o aspecto é lamentable ao ver caldeiros nas aulas para recoller esas goteiras, polo que habería que incautar tamén a garantía neste caso, preguntar tamén por uns mobles que están comprometidos para este mesmo centro de ensino, portas para a biblioteca; que tamén quere preguntar por un tema que xa é recorrente cando en tempos do bipartito os concelleiros do BNG se reuniran co Delegado Provincial de Ensino ao que se lle presentaron unhas propostas de obras nun programa de tres anos, obras prometidas na campaña das eleccións autonómicas no colexio de Centieiras, polo que quere saber en qué estado está ese convenio de colaboración e qué se vai facer, xa que hai obras moi importantes, como é a reposición dos pavés no colexio dos Casais que están a caer; que o grupo municipal do BNG ten unha preocupación moi intensa co trato que se lles está a dar as agrupacións municipais polo que pregunta se realmente o movemento asociativo ten interese para o grupo de goberno; pregunta polo compromiso de pagamento do primeiro trimestre das subvencións nominativas do ano dous mil nove ás entidades que realizaron os eventos máis importantes deste Concello; que teñen uns datos do Centro de Promoción Social de San Valentín no que se indican as débedas que ten o Concello con esta sociedade, no que logo dun convenio asinado co Concello se lles debe vinte e un mil seiscentos euros de aluguer da axencia de lecturas que existiu en San Valentín e se lles debe tamén as subvencións das Xuntanzas de Palilleiras dos anos dous mil sete, oito e nove por importe de nove mil catrocentos cincuenta e dous con cinco euros polo que pregunta pola situación real nas que se atopan estas facturas xa que entenden que as asociacións do Concello non son as que teñen que facer o pagamento das malas xestións municipais.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que ten unha queixa dirixida ao Sr. Alcalde xa que se levou unha sorpresa cando lle fixeron máis caso por unha queixa que presentou no Concello de Cabanas verbo limpeza do Polígono de Vilar do Colo que do que se lle fixo en Fene; que tamén quere preguntar ao concelleiro de Obras sobre o resultado da limpeza da rede de saneamento de Limodre; que ao concelleiro de Facenda quere preguntarlle por un escrito presentado polo BNG fai máis dun mes sobre a formación dunha comisión para seguir os traballos do PXOM e a día de hoxe non tiveron contestación de ningún tipo; di que a una pregunta formulada na comisión de vinte e cinco de febreiro o Concelleiro de obras lle constestou que o Viaducto de Vilanova se remataba o vinte e oito de febreiro coma data tope e resulta que esta semana se atoparon no rexistro un escrito no que se di que hai dous meses máis para o acabar e pregunta sobre este asunto.

(Neste momento ausentase do Salón de sesións o Sr. Concelleiro Don Juan José Franco Casal).

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que das preguntas a el dirixidas comezará respondendo sobre o emisario de Almieiras e di que cos traballos que se fixeron o día de onte, coa emisión de auga a presión, conseguíuse desatascar parcialmente, e posteriormente conectouse todo o caudal, coas augas que baixan de Limodre e do Vilar do Colo, da zona de Fene e Cabanas e

comprobase que non fora suficiente o caudal polo que o día de hoxe se volveu intentar con máis presión e máis auga e que hoxe, cando saían do Pleno, se verá si se solucionou ou non; que caso de non solucionarse, o plan B, por dicilo así, sería o elaborado por Augas de Galicia, aínda que máis laborioso, que sería ir dragando o emisario paso a paso ata localizar a rotura do emisario e solucionalo, traballos que durarían semana ou semana e media e comezarían o luns ata quedar o tema resolto;

(Neste momento reincorpórase ao Salón de sesións o Sr. concelleiro Don Juan José Franco Casal).

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención e di que ,sobre a limpeza de Vilar do Colo, pasou hoxe por alí, pola zona de Fene e non veu nada estrano; que no que se pode estar de acordo é que hai diferenza de un ano para atrás, xa que parecía unha xungla, e que dende aquela se fixo, como saben, un desbroce importante nas rotondas, a avenida principal e a zona de Fene, ademais de requirir a todos os propietarios para o seu desbroce , polo que hoxe se poden ver xa moitas parcelas desbrozadas,; que aínda así, o estado do polígono non é o óptimo, pero hai compromisos con SEPES para investir no polígono e co Concello de Cabanas para a creación do ente de Conservación, e que se supón que con isto os problemas de mantemento do polígono se solucionarán.

(Neste momento ausentase do Salón de sesións o Sr. concelleiro Don Juan José Franco Casal).

Prosegue o Sr. Alcalde e di que respecto aos problemas dos Casais quere dicir que estivo falando co seu director o día de onte, xunto co Concelleiro de Organización; que os problemas deste centro son os que tivo dende sempre e que ven arrastrando nos últimos anos debido, probablemente, a un problema de construción do edificio; que o seu director lle dixo que si que hai goteiras, que se fixeron amaños no teito do colexio pero que o problema non se solucionará mentres non se cambie o tipo de estrutura que ten o tellado e se canalicen as augas por fóra do edificio, que se trata dunha obra maior e a competente para este tipo de obras é a Xunta de Galicia, e a dirección así reivindicou ; que o Concello fará todas as xestións que poida para sacar este tema adiante; que tamén é certo que hai accións puntuais de seguridade que se foron vendo coa dirección do centro, algunha das cales xa foron feitas pola Concellería de Organización e que outras están pendentes de executar ; que respecto do pavés ,aínda que parece sinxelo, non é unha obra tan sinxela, xa que é un problema de cómo están asentados e habería que cambialos todos; que respecto dos mobles da biblioteca, o colexio obtivo unha subvención da Consellería para facer unha biblioteca nun aula que se destinaba a laboratorio e o Concello xa fixo algunha reparación e faltan uns mobles para poder rematar esas obras canto antes; que respecto ao convenio co Delegado Provincial de Ensino está no mesmo estado que os convenios dos locais de ensaio e o auditorio; que logo de rematar o goberno de Touriño houbo cousas que saíron adiante e cousas que quedaron pendentes; que si que é certo que se fixo unha obra que reclamaba o colexio de Centieiras dende hai tempo ,que era o cerramento deste colexio co colexio Jorge Juan, e que outras obras quedaron pendentes de executar; que eles non asinaron ningún convenio nese sentido, máis que a visita do Delegado na que prometera financiamento da Xunta de Galicia para facer esas obras.

(Neste momento reincorpórase ao Salón de sesións sesión o Sr. Concelleiro Don Juan José Franco Casal).

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención e di que sobre as beirarrúas da Armada tivo unha visita fai dúas semanas duns veciños que tiñan recollidas unha serie de sinaturas para presentar fronte a Deputación e solicitar estas beirarrúas, algo que eles comparten, e que se quedou cos veciños de facer unha xuntanza e ver a dispoñibilidade dos terreos, que vai ser o primeiro que pida a Deputación cando se lles pida ou negocie a construción destas beirarrúas;

que sobre os traballos de canalización que está a facer a Xunta de Galicia para o novo abastecemento de auga para Ares e Mugardos e o colector do EDAR, que está afectando a este Concello, están realmente preocupados polos problemas que lles están causando aos veciños e á circulación, polo que son constantes as chamadas á Xunta de Galicia e ás empresas que fan as obras; que aínda a semana pasada houbo unha reunión coa empresa que fai o colector no que se lle pediu un mellor facer a sabendas de que a reposición do asfaltado de momento é provisional, xa que lles informaron que se pavimentará todo de novo, que será co fresado de todo o carril e posterior asfaltado; que sobre as sociedades do concello di que para o goberno son vitais e o traballo que están a facer no Concello, froito diso é o esforzo económico que se fai ano a ano para o financiamento destas actividades, esforzo que se fai incluso en períodos tan complicados economicamente coma este e que a pesar de reducir uns cantos centos de euros do borrador de orzamento deste ano, o gasto mantense, respecto das sociedades nos mesmos niveis , incluso se inclúen dúas anualidades para o aboamento das subvencións do ano pasado e o deste; que respecto das subvencións nominativas, das que xa se teñen falado neste Pleno, non se puideron prorrogar de acordo coa lei dentro dos orzamentos prorrogados do ano pasado ,e chegouse a solución de presentar estas facturas para o seu pagamento nos primeiros meses deste ano, pero ao estar presentadas a final de ano non deu tempo ao seu pagamento a través dun extraxudicial e o goberno está a traballar para xerar o crédito necesario nese orzamento prorrogado, sen esperar ao novo orzamento e poder traer a este Pleno unha bolsa de crédito con estas facturas para o poder aprobalo xa no vindeiro Pleno do mes de abril; que respecto do CPS si que teñen coñecemento deses cartos que están pendentes; que a axencia de lectura é unha débeda que xa estaba pendente por gobernos anteriores e que hai que saldar o antes posible.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao tema da información , todos os grupos municipais teñen dende xaneiro o borrador dos orzamentos e tamén se lles entregou despois a liquidación do orzamento e o estado da débeda, e dicir, que o goberno entrega a documentación necesaria para sacar os orzamentos; que en todo caso, toda a documentación anexa que acompaña aos orzamentos se entregará cando se dispoña dela; que de tódolos xeitos, pensa que é unha documentación suficiente para elaborar e discutir os orzamentos e comunica que na vindeira semana se iniciará a segunda quenda de reunións cos grupos municipais para negociar os orzamentos; que sobre a proposta da Comisión de Seguimento do PXOM di que se analizou pero que non lle ven sentido, xa que é unha función propia da Comisión de Desenvolvemento Territorial e ao que si lle ven sentido é que en cada fase do debate e discusión do Plan o equipo redactor se desprace a cada parroquia para explicar as súas propostas e que as entidades municipais canalicen as súas reivindicacións ; di que anuncia que a vindeira semana se asinará o contrato coa empresa adjudicataria da revisión do Plan, que o goberno municipal pensa que é un documento moi importante no que queren que participe todo o mundo e aspiran a que non bote dez anos coma o último.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que respecto do convenio coa Deputación para construír os novos vestiarios do campo de fútbol e a substitución do chan do pavillón do Ramo en Barallobre , nesta última actuación solicitáronse unha serie de modificacións no proxecto que xa se están a informar e que están pendentes dunha segunda modificación no proxecto do piso do pavillón do Ramo, que quedou solucionado nesta semana e que nos vindeiros días o técnico municipal emitirá o seu informe e se pasará á licitación da obra; que se trata dun pavillón que dende o ano dous mil seis abriuse e pechouse por non dispoñer dos requisitos mínimos para poder xogar por motivos de seguridade e tras a colaboración dos alumnos do Plan de Cooperación, que retiraron o piso e pintaron o pavillón, agora tan so falta esta licitación; que respecto do campo de fútbol está executada a primeira fase ,que é a implantación de herba artificial e o peche perimetral, e está pendente a segunda fase de licitar, co que se conseguiu que o club de fútbol de Perlio, que case estivo un ano sen campo, poida entrenar e xogar nel, e que tan so queda a segunda fase que executar ,a iluminación que é outra subvención da Deputación e licitar tamén os vestiarios; que mentres se está

pendente de todo isto tan so pode usar o campo o Perlio que é o que está sen campo, e que cando se rematen todas estas obras se inaugurará un campo de fútbol municipal onde poidan xogar diferentes clubs de Fene; que en cando o regulamento de uso, dende a Concellería de Deportes estase a traballar neste regulamento para o uso de entrenamentos e xogo tanto polo Club de Perlio coma polo resto de clubs de Fene.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que respecto dos pasos de peóns e rebacheos que se comentaron teñen previsto un plan para isto e están pendentes do tempo que está impedindo a súa execución, polo que nunha semana ou quince días espera que se poidan facer estes traballos; que respecto dos voluminosos pouco máis que falar que na comisión; que estanse a detectar algúns problemas e estase a falar coa empresa e pensa que nun prazo de dez ou quince días queden resoltos estes problemas; que toma nota dos sumidoiros da Armada, xa que hai dous peóns que están a limpar sumidoiros por todo o Concello e que respecto ao Viaducto de Vilanova o día da Comisión era o día que remataba o prazo e logo da sesión enterouse de que se había rexistrado unha solicitude de prórroga e aínda están con esa prórroga.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. García Balado quen, unha vez concedido, manifesta que respecto ao acondicionamento da mediana das Pías fai quince días que se pediu o permiso e hai que esperar a que veña; que en canto ao do compostaxe, fixo unha visita coa bióloga a semana pasada e dixo que todo ía moi ben e que proximamente remitiría unha avaliación sobre o programa e haberá que esperar un tempo prudencial sen facer controles para saber si é positivo ou non; que en canto ao de colocar máis, de momento non se contempla esa posibilidade.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido ,manifesta que nos últimos quince meses que leva no cargo sabe o que se pide dende os colexios, que non é pouco, e o que se fixo, concretando no caso dos Casais reuníronse co director e fixeron tres ou catro actuacións das máis urxentes que el lle pediu e que das goteiras non lle dixo nada; que se cerrou o parque infantil, se colocou unha protección metálica na parte de atrás xunto unha columna, se pintou algunha aula e se lle dotou ao conserxe de material para facer pequenas reformas que as executa por si mesmo ; que mañá irase a ver o tema da biblioteca que é verdade que é un tema comprometido dende hai moito tempo e non de fai quince meses precisamente.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, pregunta sobre o plan de xubilación dos empregados municipais e sobre os pagamentos que había pendentes; pregunta tamén sobre os problemas que podía xerar a rede de sumidoiros en Sillobre, no camiño que vai cara a pista polideportiva no que se quedara en ir ata alí e pregunta se ao final se foi mirar ou non; pregunta tamén sobre o alumeado do paseo de San Valentín do que se lles dixo en varias ocasións que tiña algunha subvención, que Costas ía participar, si se solicitou ao Inega polo que había dúas subvencións pedidas e pregunta si se avanzou algo neste tema; que no tema da N-VI dálles vergoña ver en que situación se atopa, queren saber si se fixo algo dende o Concello para solucionar o problema; que o rebacheo de determinados camiños, coma o de Limodre, o camiño do Cotillón, outros en Sillobre ou en Barallobre, en Souto da Rivera, e os camiños fronte a escola infantil, está moi mal e pregunta se hai unha previsión para o seu arranxo; que sobre o pintado das prazas de minusválidos xa saben que non se están a facer e pregunta se a empresa está comprometida a vir; que en canto ao campo dos Pinares pregunta sobre as previsións da terra que está acumulada; pregunta tamén sobre o tellado do lavadoiro de Mundín que se ía poñer e roga que se lle poña o tellado o antes posible; que tamén teñen solicitado información sobre a débeda con provedores e pregunta si se lles vai facilitar; que roga que se inste á empresa que leva o mantemento da ponte das Pías, aínda que non sexa competencia do Concello, para o tema da limpeza e, logo do temporal, para repoñer as chapas metálicas da borde exterior da ponte que caeron; que sobre o tema da recollida dos voluminosos roga que, como mínimo, se lle dea un routeiro á empresa para que saiba por onde ir, xa que pensa que van as apalpadadas; di que insisten

na retirada do semáforo e da farola fronte a beirarrúa do xulgado e que roga que os técnicos municipais fagan un estudo para solventar esta situación; roga a reparación dunhas fochas en Rego da Moa, ao lado dos colectores; di que o local onde se imparten as clases de piano na Casa da Cultura está nun estado lamentable, polo que rogan que se solucione esta situación; roga que se estude a posibilidade do financiamento da reposición das beirarrúas do contorno do colexio Jorge Juárez; roga a limpeza do polígono industrial de Vilar do Colo, polo menos por onde discorre o Camiño Inglés; roga á concelleira de Medio Ambiente que si se vai meter coa mediana que teña en conta a moción aprobada por este Concello por maioría e que siga as pautas aprobadas.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que sobre a limpeza do Camiño Inglés, o Concello ven de asinar un convenio recentemente coa Xunta de Galicia para estas tarefas de mantemento, limpeza e conservación e estase pendente de resolver unha cuestión, xa que se imputaban a metade os quilómetros que ten o camiño ao seu paso por Fene, polo que se fixo esta consideración para que se teñan en conta o total dos quilómetros; que sobre os semáforos do xulgado, aínda que tamén é un rogo, di que esta semana tiveron unha reunión en Carreteras do Estado e entre outras cousas se falou deste tema e a previsión e poñer unha farola na fachada coma xa tivo antes e sobre o semáforo está máis complicado, pero que se está a mirar; que respecto das preguntas sobre o paseo de San Valentín di que o tema xa está definitivamente encarrilado, que se mirou de solicitar subvención ao Inega, pero que o Concello tiña que poñer unha porcentaxe do orzamento polo que se fixo un contacto con Costas do Estado para ver se podían botarlles unha man e se chegou a un acordo con eles e Costas vai asumir a reposición de todas as farolas do paseo marítimo de San Valentín; que o martes falou co enxeñeiro xefe da Demarcación de Costas e lle dixo que estaba todo encargado e estaban a piques de comezar a actuación e aclara que se van repoñer as farolas e non as balizas, que quedarían para unha segunda fase; que en canto ao da N-VI Fene é o único Concello de toda a obra, entre Fene e Bergondo que ten a estrada asfaltada e se está lembrando constantemente á Demarcación de estradas que se rematen cando antes as obras; que sobre a terra que está nos Pinares estará alí durante a fase de obra por se é necesario para non a ter que comprar, e unha vez rematada a obra se lle dará o tratamento axeitado; que sobre a débeda cos provedores di que se alegra de escoitar que o PP non se desmarca totalmente da negociación dos orzamentos, xa que as noticias que tiñan pola prensa era que as negociacións estaban definitivamente rotas co goberno, e que o goberno o convocará a seguinte xuntanza de negociación destes; que verbo da débeda cos provedores lles será facilitada; que respecto da ponte das Pías coma saben a competencia do mantemento e conservación é da Demarcación de Estradas, e tamén se citou na reunión antes sinalada co enxeñeiro xefe da Demarcación de Estradas; que tamén se lle deu traslado da preocupación ao Concello de Ferrol con quen comparten a ponte.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao Plan de xubilación ía no extraxudicial do Pleno de decembro, que está sen executar e por tanto está sen pagar o ano dous mil sete para poder negociar o ano dou mil oito e nove, e que mentres non se pode facer nada con el.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que respecto da rede de sumidoiros de Limodre, estiveron co técnico municipal, fixéronse fotos que se remitiron á Deputación, veu o técnico de Deputación e notificouse ao departamento de vías e obras dese organismo, estando á espera da súa contestación; que respecto dos rebacheos dos camiños de Lourenzá e Formosende, están encargados e non están feitos a día de hoxe, supón que polas inclemencias do tempo, pero que toma nota dos sinalados; que respecto das prazas de minusválidos tamén están encargados pero aínda non se fixo a obra e que en canto ao lavadoiro de Mundín, xa remataron coa madeira e lle falla o tellado.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que ten oito preguntas, aínda que algunhas xa están feitas e contestadas; pregunta sobre o CPS de

San Valentín, outra das obras dos Casais, o tema do emisario que está desatascado parcialmente e o dos voluminosos de Perlío que parece un vertedoiro así coma en Tarrío, que falla información aos veciños e a empresa para saber por onde ten que pasar; pregunta pola solicitude da Asociación de Maniños, que pide un local e di que hai dous locais que se están a utilizar na escola da Armada que son un o dos radioaficionados, que case non se usa ,e outro o da asociación francesa onde os membros non son de Fene; pregunta tamén a Sra. Silvar Canosa pola folga de instalacións deportivas e si se segue a afectar a este Concello; roga que se proceda a limpar unha ou dúas veces ao mes o túnel que une San Valentín con Astano.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido, manifesta que vai intentar poñerse en contacto cos radioaficionados para ver si hai posibilidade de compartir o local e que en canto aos francófonos si son de Fene, que o presidente é nado en Fene.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que sobre as consecuencias da folga dos traballadores de instalacións deportivas xa se presentaron as reclamacións, que non foron moitas, xa que non foron moitos días os que as instalacións de Fene estiveron pechadas; que deuse un prazo xunto con outros concellos para que a Xunta medie no conflito, que a día de hoxe non está solucionado; que o que se pide para negociar é que se suspenda a folga indefinida, o que non se leva a cabo; que o que sucede é que de momento en Fene non lles veñen increpar; que Fene non ten ese problema de momento ,xa que ten asinado un contrato cunha empresa que xestiona as instalacións e de momento mantén as instalacións abertas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe,
O Alcalde-Presidente

A secretaria xeral,

Iván Puentes Rivera

Pilar María Pastor Novo